



## A decisión francesa

### Description



**As enquisas rexistran a probable pugna entre Nicolás Sarkozy e Segolène Royal para a segunda volta, prevista para o 6 de maio. De ser esta a posibilidade, se confirmaría o máis relevante relevo xeracional na política francesa das últimas décadas, desprazando así a preeminencia da súa tradicional elite política. Pero todo depende da opción centrista manifestada en François Bayrou. (Foto: Nicolás Sarkozy e Segolène Royal).**

A mais que probable celebración dunha segunda volta nas eleccións presidenciais do próximo domingo en Francia descifra o marcado nivel de polarización e indecisión electoral ante uns comicios que, a todas luces, se perfilan como decisivos cara unha nova era política.

Quizais a primeira incógnita estará en coñecer quen serán os candidatos nesta hipotética segunda volta electoral. As enquisas rexistran a probable pugna entre Nicolás Sarkozy e Segolène Royal, prevista para o 6 de maio. De ser esta a posibilidade, se confirmaría o máis relevante relevo xeracional na política francesa das últimas décadas, desprazando así a preeminencia da súa tradicional elite política.

Por contra, a candidatura centrista de François Bayrou semella a única capaz de contestar esta eventual confrontación bipolar **Sarko-Segó**. Bayrou está aparentemente captando ese esgotamento social cara os partidos tradicionais, anunciándose como o **outsider** da política francesa, capaz de asestar un golpe sorprendente.

Todo depende da preferencia final do elevado número de indecisos que, segundo as principais enquisas, se calcula nun 42% do electorado. Na celebración desta segunda volta e dos candidatos que finalmente competirán, tamén influirá decisivamente o nivel de participación electoral do próximo domingo.

Á espera da evolución do **factor Bayrou**, outras candidaturas ocupan un marcado protagonismo nunha campaña electoral que apenas deixou constancia real dos programas e proxectos de país dos candidatos.

No apartado do protagonismo, destaca a interminable candidatura de Jean Marie Le Pen e a Fronte Nacional. Aos seus 79 anos, o home que sorprendera nas eleccións de 2002 ao disputar unha segunda volta contra Jacques Chirac, semella listo para o seu testamento político.

Para Le Pen, os comicios de 2007 marcan a súa despedida electoral e política. Velái a súa intención de multiplicar as aparicións e constituír nunha especie de **árbitro na sombra**. Non obstante, a súa despedida pode non materializar o final dunha extrema dereita francesa que semella consolidarse en torno a un 15-20% do electorado, tomando en conta outras candidaturas como a do monárquico Phillipe de Villiers e de determinados sectores ultradereitistas que ben poderían votar esta vez por Sarkozy.

Paralelamente, resulta notorio observar cómo a esquerda francesa volve a presentarse tan dispersa e dividida, un

elemento tradicional da pluralidade do presidencialista sistema político francés.

Contando á socialista Segolène, son cinco os candidatos que se presentan polas distintas tendencias da esquerda, destacando as opcións trotskistas, antieuropeístas e antiglobalización personificadas en Arlette Laguiller, Olivier Benasencot, Gerard Schivardi, Marie-George Buffet e a ecoloxista Dominique Voynet.

Tanto como a atomización do voto da esquerda, este proceso electoral 2007 deixa un notorio balance de candidaturas lideradas por mulleres. Segolène, Voynet, Laguiller e Buffet confirman un avance de xénero que podería levar por vez primeira a unha muller ao palacio presidencial do Elíseo.

Pero Francia tamén deixa inquietudes nestes comicios. Aínda é unha incógnita cal será o rumbo dun país onde a súa influente ãœintelligentsia ven asumindo nos derradeiros anos a idea dunha ãœdecadencia francesa e do seu papel no mundo.

Existe unha presión constante na opinión pública cara o balance entre a reforma económica e a reestruturación do Estado paternalista e de benestar. O discurso político evitou incluír esta discusión como tema central, precisamente pola frustración social existente e a necesidade de buscar alternativas. O ãœnon á Constitución europea e a crise dos suburbios parisinos de 2005 foron dúas duras leccións para as elites gobernantes galas.

Neste sentido, a única mención reformista de fondo foi presentada por Segolène cunha proposta de fundar a ãœVI República, modificando varios dos resortes administrativos do Estado e posibilitando a aparición da ãœdemocracia participativa.

Un apartado de relevancia merece a confrontación de ideas sobre a identidade nacional e a presenza da inmigración. A inédita e reiterada utilización de símbolos patrióticos nos actos electorais revelan as inquietudes políticas e sociais dunha nación que semella dar sinais de sentirse ãœculturalmente ameazada.

Os temas da identidade nacional e a inmigración deberían dar paso á aparición e discusión dun equitativo modelo de convivencia social e cultural. Pero o debate electoral semellou brindar mais exemplos de irritación que de diálogo, colocando estas temáticas dende unha perspectiva parcial, cargadas de tópicos.

O próximo domingo, Francia decidirá unha opción política pero tamén analizará cara onde dirixe o seu futuro. Non será unha revolución mais, todo un necesario cambio que repercutirá poderosamente no resto de Europa.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

### IDIOMA

Galego

### Date Created

Abril 20, 2007

### Meta Fields

**Autoria :** 3713

**Datapublicacion :** 2007-04-20 00:00:00